



Comunicado nº 060/19

9 de abril de 2019

BECA PROMOCIÓN KARTING (BPK), E COPA GALEGA DE ROOKIES BABY

A F.G. de Automobilismo e A Comisión Galega de Karting, están a negociar coa empresa "**RGM eventos**" a posta en marcha dun proxecto encamiñado a reactivar o deporte infantil, de base, do Automobilismo Galego:

A "**Beca Promoción Karting**" (BPK), co apoio de importantes firmas galegas que xa nos teñen manifestado o seu desexo de incorporarse a este proxecto.

Esta Beca será a antesala da Copa Galega de Rookies baby, competición reservada aos mais cativos do noso deporte.

Questións máis comúns acerca da Copa:

Copa Galega de Rookies, ¿qué é?.-

É unha disciplina de iniciación o "karting baby" que vai a ser desenrolado pola F.G. de Automobilismo, e pretende fomentala interrelación dos nenos e primar o espírito participativo, educativo, formativo e por último competitivo

¿A que idade se pode participar?.-

A partir dos catro ata os sete anos, cumpridos na data de celebración da primeira proba na que participen.

¿Qué kart vou precisar?.-

Un kart cun chasis comercial da marca Parolin Baby, cun motor Honda Gx35 T é un xogo de pneumáticos Lecont MSA 04 (mixto), que poderá ser usado durante toda a tempada. Serán fornecidos, marcados e controlados pola empresa subministradora RODAKART é a organización.

¿Qué equipamento imos precisar?.-

Mono, casco, botas, collarín, e protector que poderán ser novos ou de segunda man.

Un kart novo/usado propio ou ben subministrado pola organización.

A pertinente licenza federativa expedida pola F.G. de Automobilismo do tipo GA-000- .

¿Cómo podo comezar a participar na BPK?.-

Podes probar cun kart que teremos a túa disposición ou ben realizar un curso de iniciación nun circuito dos que forman parte do Campionato Galego de Karting.

¿Porqué iniciarse na BPK?.-

Na BPK tódolos pilotos estarán competindo en igualdade de condicións, con ambiente distendido de camaradería, no que se van a potenciar tódolos valores de fairplay inherentes ao deporte de base do automobilismo.

Ademáis os nosos colaboradores terán agasallos e sorpresas para tódolos participantes en tódalas probas.

Por último destacar que a BPK vaise desenrolar nos mesmos circuitos do Campionato Galego de Karting, contando coas medidas de seguridade, comisarios de bandeiras, deportivos e técnicos cualificados.



13ª XIRAKARTING 2019
+info: www.xirakarting.com

